

PLAN DE IGUALDADE



NOVEMBRO
2019

CEIP CABANAS

SALCEDO - PONTEVEDRA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:

DATA INFORME AO CONSELLO ESCOLAR:

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices.

Ten en conta propostas do claustro.

Foi elaborado polo equipo directivo do centro coa colaboración do departamento de orientación e profesorado do colexio formado en igualdade, así como coas achegas do claustro, foi informado ao consello escolar.

CONTIDOS

1.- INTRODUCCIÓN

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1.- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3.- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4.- Prevención, detección e intervención en casos de LGTBifobia. (Colectivo LGTBI-Lesbianas,Gais, Transgénero e intersexuais)

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1.- Organización do centro.

5.2.- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3.- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4.- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

7.- GLOSARIO

8.- ADDENDA CURSO 19/20

1.- INTRODUCCIÓN

A pesar do gran avance, en términos xerais, das mulleres españolas dende finais do Século XX, persisten aínda grandes desigualdades que se asentan na base mesma da nosa sociedade. Interromper a reprodución destas desigualdades dunhas xeneracións a outras é a mellor garantía de éxito no camiño hacia a igualdade real entre mulleres e homes. Neste obxectivo de “romper a cadena de transmisión” do sexismo, o sistema educativo é unha ferramenta fundamental que debemos usar en todo o seu potencial.

No título preliminar de la Ley Orgánica de Educación, publicada en 2006 pon o énfasis na educación en valores, considerando que a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes debe ser efectiva e que a educación debe contribuir a erradicar comportamentos sexistas.

Por isto , la elaboración deste Plan de Igualdade do Ceip de Cabanas supón un instrumento que permite dispor dun marco común de actuación no que basar todas as actuacións que hasta o de agora se viñan a facer grazas a esforzos individuais, voluntaristas e admirables dunha parte do profesorado, sobre todo mulleres, que se dedicaron a formarse en igualdade para levar ás súas aulas a construción dun mundo mellor que teña a equidade e a non discriminación como base da súa cultura e da súa ideoloxía.

Porén, estes esforzos non foron suficientes e así o demostra esta sociedade cada vez que hai un caso de violencia extrema. Como docentes, como institución educativa e como administración debemos facer esforzos analizando a situación, diseñando plans de igualdade realistas e adecuados á nosa contorna.

A educación integral das persoas implica a adquisición dun conxunto de competencias básicas de tipo cognitivo, emocional e ético. Isto supón que á necesidade de educar en habilidades e coñecementos súmase a de educar para una mellor calidade de vida e para encher esta de sentido moral, participando deste xeito na construción dunha sociedade máis igualitaria e equitativa na que as diferencias sumen.

As condutas sociais confórmanse en diferentes espazos e ámbitos: a escola, a familia, os medios de comunicación, etc.. Ao longo deste proceso de socialización e pasando por diferentes etapas, os nenos e as nenas, despois adolescentes, asumen diversos roles e valores que potencian o desenvolvemento de diferentes capacidades en función do sexo.

A violencia contra as mulleres é considerada como un problema social que require unha rápida intervención pública. Ademais nos últimos anos está aumentando esta violencia nos e nas adolescentes, polo que é claro e palpable que a prevención non foi suficiente. Esta prevención debe realizarse dende os primeiros anos dos nenos e das nenas, e para chegar á máxima poboación, un dos mellores sitios para facela é nos centros educativos de primaria. Entendendo que a prevención de violencia contra as mulleres non pode ser unha actuación illada e debe ir unida á prevención da violencia en xeral. No mesmo senso debemos traballar para erradicar homofobias, transfobias e outros síntomas de racismo e desigualdade pola razón que sexa.

A educación para a igualdade soamente será posible cando a metodoloxía sexa aberta, creativa e flexible e que da cabida a unha educación emocional que permita que proxectemos unha verdadeira escola entre iguais. Debe estar centrada no fomento de traballo en grupo, o diálogo, as relación afectivas, a resolución de conflitos, o respecto, a cooperación, facendo fincapé na toma de conciencia de que todos e todas temos dereito ás mesmas oportunidades.

E o noso deber como docentes traballar abarcando todos estes ámbitos posto que debemos cumprir a lei, e as leis coas que nos reximos así o dispoñen.

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

Contextualización normativa:

Estatal

- Constitución Española de 1978
- Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Autonómica

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á

infancia e á adolescencia

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG 3/08/2004. Núm. 149)
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG 13/04/2007. Núm. 72)
- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG 7/08/2007. Núm. 140)
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

Contextualización do centro:

A. En relación aos roles exercidos e espazos de representación ocupados por homes e mulleres na Comunidade Escolar.

O noso centro , neste curso escolar 2019-2020 está formado por:

- 12 unidades, 4 de infantil e 8 de primaria e unha relación de postos de traballo de 21 mestres e mestras, dos cales 20 son mulleres e 1 home.
- O Equipo Directivo formado por 2 mulleres e 1 home.
- O persoal non docente 1 conserxe, é un home.
- O número de alumnado é 273 distribuído da seguinte forma no curso 19/20:

<u>AULA</u>	<u>MULLERES</u>	<u>HOMES</u>
4º E. Inf. A	10	9
5º E. Inf. A	11	12
6º E. Inf. A+B	10 + 11	10 + 8
1º PRIM. A	10	14
2º PRIM. A	12	13
3º PRIM. A	9	16
4º PRIM. A	17	8
5º PRIM. A + B	13 + 13	11 + 11
6º PRIM. A + B	12 + 9	10 + 13

O centro é de línea 1, polo que todo o alumnado matriculado cada ano está na mesma aula. Nos anos nos que se desdobre o nivel por aumento de matrícula, agrúpanse o alumnado de 4º de Educación Infantil da seguinte forma: equidade no número de mulleres e de homes, equidade no número de alumnado coas materias de relixión e valores sociais ou cívicos, equidade entre o alumnado nacido ao longo de todo o ano.

Cando se fai a redistribución en outro curso de Primaria consérvase a equidade entre o número de homes e mulleres ademais doutros puntos pedagóxicos.

A participación da muller noutros órganos de goberno diferentes ao equipo directivo é alta, aínda que nalgún é así polo rol dado a elas dende sempre.

- Representantes de pais/nais no consello escolar: 3 mulleres e 1 home
- Representante da ANPA no consello escolar :1 muller.
- A participación nas titorías é moi superior a das nais que a dos pais

B. En relación ao sexismo lingüístico nos documentos do centro:

Analizando a linguaxe utilizada nos documentos e carteis do centro apréciase un uso maioritario do masculino xenérico para referirse a ambos sexos. Procédese durante estes últimos anos a utilizar o xenérico inclusivo, profesorado, alumnado, cando procede, e de non ser así,ponse o masculino e o feminino.

En canto aos libros de texto e materiais didácticos, aínda que existe unha mellora do uso do feminino queda moito por facer para borrar as representacións estereotipadas de mulleres e homes e por en valor as contribucións de mulleres ao progreso e a ciencia.

Outro tanto cabería dicir con respecto ás imaxes dos textos e carteis do centro.

C. Actitudes ante cuestións de xénero por parte do profesorado:

O profesorado en aspectos relacionados coa perspectiva de xénero promove o trato igualitario para ambos sexos nas tarefas relacionadas co alumnado potencia o desenvolvemento se estereotipos de xénero por exemplo pequenos encargos que se realizan no centro: Delegado/a de aula, facer fotocopias, reparto de material na aula, acompañamento ao servizo...

Actitude ante a linguaxe. Evitando frases feitas ou micromachismos na linguaxe espontánea.

Actitude de introdución das achegas femininas en tódalas áreas.

D.- En relación coa distribución e uso do patio escolar.

No centro temos dous patios:

- Patio infantil (4º e 5º de Ed. Infantil), 43 alumnos/alumnas: a utilización dos xoguetes e dos conxuntos de randeiras é por igual.

- Patio grande (6º de Ed infantil e toda primaria), 230 alumnos/alumnas: procedeuse a restrinxir o fútbol a unha sola pista (pista roxa) dende hai varios cursos, e unha redistribución do resto do espazo do patio para xogos por todo o alumnado. Volve ao patio o xogo tradicional, ademais das iniciativas propostas polo equipo de Biblioteca a través do proxecto comezado o curso pasado 208-2019, de patios activos e inclusivos, e da zona habilitada para xogos de mesa e construción “BIBLIOXOGOS”

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

Dende o punto de vista da igualdade a estrutura organizativa non é neutra xa que nos documentos de centro e no Proxecto Educativo aparece sempre como valor: promover a integración e o fomento da igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razón de sexo.

O centro conta cun grupo de profesoras que desenvolve actividades de convivencia ao longo do ano (Dinamización de Convivencia e outros equipos educativos): fomento da igualdade entre mulleres e homes e actividades para a sensibilización contra a violencia machista. Existe unha representante dos programas de coeducación no centro no consello escolar.

O traballo por unha educación igualitaria, amosarase na aposta firme por parte de todo o profesorado de levar a cabo accións que favorezan a igualdade, accións que son de relevancia para sensibilizar e desenvolver no alumnado un cambio de actitudes. Estas actuacións lévanse a cabo maioritariamente con motivo de datas sinaladas (8 de marzo, 25 de novembro).

A pesar de que no centro existe vontade de traballar a promoción da igualdade, non existe un enfoque estratéxico para a planificación e o desenvolvemento da intervención coeducativa, senón que queda á iniciativa do profesorado que está sensibilizado co tema.

O equipo directivo do centro leva a cabo unha aposta moi firme pola coeducación ao igual que o profesorado, sensibilizado coa igualdade e amósase predisposto a traballar desde a perspectiva de xénero a través tanto da súa implicación en accións puntuais como na práctica diaria.

A formación do profesorado é clave para poder abordar procesos de inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e prácticas educativas, polo que fomentar dita formación do profesorado é importante.

4.- OBTXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

A intervención global no marco educativo virá marcada polos seguintes principios de actuación: transversalidade, visibilidade, inclusión e paridade.

- **TRANSVERSALIDADE.-** Os principios de igualdade entre mulleres e homes deben estar presentes no conxunto de accións educativas, sociais e políticas emprendidas pola Administración e polos centros educativos. Este enfoque transversal supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que atinxen directa ou indirectamente á comunidade educativa.

O enfoque transversal concede a incorporación da perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e en todas as áreas temáticas.

- **VISIBILIDADE.-** A visibilidade daráselle identificando e facendo visibles as diferenzas entre nenos e nenas e a desigualdade de trato como consecuencia destas diferenzas, así facilitaremos o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que producen.

Daráselle tamén, incorporando medidas e actuacións concretas que poñan o til na necesidade de visibilizar e emponderar ás mulleres e a súa contribución ao desenvolvemento das sociedades, poñendo en valor o seu traballo que historicamente e tradicionalmente realizaron na loita pola igualdade.

Reflexionar sobre a ausencia de mulleres nalgúns ámbitos e sobre a existencia de papeis sociais diferenciados e discriminatorios, detectando e denunciando as desigualdades e discriminacións que aínda se producen.

Tamén importante non esquecer visibilizar novas masculinidades.

- **INCLUSIÓN.-** “Diferentes si, desiguais non” , resumen o senso do principio de inclusión. Si á diferenza, pois a diversidade enriquece as relacións, non á desigualdade, pois empobrece e trae de seu problemas.

As medidas e actuacións dirixíranse ao conxunto da comunidade, xa que , educar en igualdade entre mulleres e homes require dunha intervención tanto nunhas coma noutros, para corrixir os desaxustes producidos polos cambios desiguais entre os papeis tradicionais, conciliar intereses e crear relacións de xénero igualitarias. Hai moitas formas de ser muller e tamén moitas formas de ser home sen asignacións de estereotipos, e o respecto por esas diferencias parte dun coñecemento das diferentes realidades.

- **PARIDADE.-** A igualdade formal e a igualdade real entre mulleres e homes define este principio. Débese deseñar un percorrido formativo común para alumnas e alumnos, dirixido a unha construción social con participación xusta e equitativa de ambos os dous sexos.

4.1.- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- *Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro*
- *Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos*
- *Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional*
- *Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade*

4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- *Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, condutas discriminatorias e outras condutas contrarias á convivencia.*
- *Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...*
- *Informar sobre o 016 ,para que serve.*
- *Coñecer por que se celebra o 25 de novembro e o 8 de marzo.*

4.3.- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- *Concienciar sobre o respecto cara á comunidade e inculcar a necesidade de respectar o dereito de cada persoa a ser quen quere ser.*
- *Realizar labores educativos, informativos, formativos e culturais que fomenten o coñecemento, a desmitificación da diversidade afectivo-sexual co fin último de garantir e alcanzar unha integración afectiva e completa de todas as persoas.*

4.4.- Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

- *Facilitación de asistencia e información a persoas LGTBI, e tamén a pais, nais titores ou titoras , no referente a súa integración, a súa situación social na escola e aos seus dereitos.*

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

5.1.- Organización do centro.

- *Coñecemento íntegro do protocolo de identidade de xénero.*
- *Revisión e comprobación que en todos os documentos oficiais do centro (PE, PAT, PAD, plan de convivencia, Nofc etc... se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres. Modificación dos mesmos de ser necesario.*
- *Inclusión no PAT, Plan de Acción tutorial actuacións dirixidas a promover a coeducación.*
- *Promoción da formación en igualdade do persoal do centro.*
- *Promoción da participación do profesorado en prácticas coeducativas.*
- *Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios ou sexistas.*
- *Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula e no patio.*
- *Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (Día da Paz, Día do Libro, Día dos Dereitos Humanos,.....)*

- *Promover e mellorar as actuación e as actividades do día 25 de novembro e do 8 de marzo implicando á comunidade escolar.*
- *Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, condutas discriminatorias e outras condutas contrarias á convivencia.*

5.2.- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- *Realizar actividades concretas nas programacións das materias dirixidas a visibilizar as achegas das mulleres á humanidade en diferentes ámbitos.*
- *Visibilizar as mulleres na historia, na ciencia, na política, na cultura e no desenvolvemento da sociedade.*
- *Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula.*
- *Organizar sesións de titoría enfocadas a realizar actividades de igualdade e a prevención da violencia de xénero.*
- *Participar en obradoiros de prevención da violencia de xénero. Continuar co programa “Namorando”, levado a cabo polo Concello de Pontevedra para 4º de E.Primaria coa finalidade eliminar a idea de amor romántico e desigual.*
- *Participar en obradoiros de sensibilización e formación en ciberacoso e seguridade na redirixidos ao alumnado, profesorado e ANPAS. Continuar co programa “Ciberexperto” para 6º de E.Primaria, cargo da Policía Nacional, dentro do Plan Director.*

5.3.- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- *Crear un recuncho permanente na biblioteca do centro específico de igualdade de xénero..*
- *Adquirir recursos e materiais coeducativos para o centro*
- *Potenciar o uso de materiais e libros de texto que non conteñan estereotipos sexistas.*

- *Crear un banco de materiais coeducativos (libros, películas, documentais, xogos de rol,...) para compartir no centro escolar. Crear maleta viaxeira no que se incuan tamén recursos para pais e nais.*
- *Usar o espazo común do centro libre de estereotipos sexistas.*
- *Seleccionar libros para a biblioteca con contido afectivo- sexual.*
- *Ofrecer un marco para que o alumnado confronte o seu punto de vista en canto aos diferentes roles sociais asignados a mozos e mozas.*
- *Creación dun clube de lectura a través da biblioteca na que se traten temas sobre igualdade.*

5.4.- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- *Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade, promover o cambio das relacións entre mulleres e homes e a responsabilidade do profesorado.*
- *Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...*
- *Promover no noso alumnado a adquisición de valores encamiñados a igualdade real entre mulleres e homes.*
- *Educar ao alumnado de xeito que compartan por igual a responsabilidade en tarefas sociais e familiares.*
- *Traballar e desenvolver practicas educativas comprometidas coa consecución da igualdade real entre mulleres e homes*

6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para acadar os mellores resultados co desenvolvemento deste plan, a avaliación será continua que permita observar se os obxectivos e as accións promovidas, son as adecuadas e, se as actividades posteriores son as correctas para conseguir os obxectivos

O seguimento deste Plan ao longo do curso farase coa observación sistemática e directa, rexistro das actividades, reunión cos titores e coas titoras, enquisas e sondaxes.

8.-GLOSARIO

Sexo biolóxico	Resultado da integración dos diferentes niveis de sexuación (xenético, gonadal, hormonal, etc) . dá lugar a dúas categorías: neno e nena.
Identidade de xénero	Conxunto de regras e convencións establecidas pola sociedade que definen as pautas de comportamento a seguir polas persoas dun ou doutro sexo. (Rol sexual social)
Identidade sexual	É a identificación persoal e privada cun determinado sexo. (Sentirse muller ou home)
Orientación do desexo	O obxecto do noso desexo é variable, e a forma de oríntalo definirá nosa orientación sexual. Existen tres orientacións sexuais: homosexual, bisexual e heterosexual.
Disforia de sexo ou xénero	Desgusto pola propia identidade, biolóxicamente falando. Sófrena as persoas que nacen cun sexo biolóxico que non se corresponde co que psicoloxicamente sente.(Homes que se senten mulleres e mulleres que se senten homes)
Transexual masculino	Home que sente, pensa e actúa como un home aínda que nace con xenitais femininos.
Transexual feminino	Persoa que sente, pensa e actúa como unha muller aínda que nace con xenitais masculinos.
Transfobia	Medo, odio rexeitamento cara ás persoas transexuais. Maníféstase de moitas maneiras: estigmatización (etiquetaxe social baseada en prexuízos e estereotipos), discriminación, illamento, desigualdade xurídica, violencia.
Intersexual	Que presenta conxuntamente características sexuais dos dous sexos

ADDENDA CURSO 2019-2020

ACCIÓNS CURSO 19/20					
ACCIÓNS	RESPONS.	TEMP	SI	EP	NO
Expoñer os protocolos tanto na páxina web do centro como no blogue do departamento de orientación.	Equipo directivo Dpto. orientacion	1º T			
Celebración do 25 de Novembro, realizando un “Manneqin Challenge” con imaxes contra a violencia contra as mulleres e os dereitos da infancia.	TODOS O PROFESORADO	1º T			
Conmemorar o 8 de marzo, con actividades que promovan o empoderamento da muller.	TODOS O PROFESORADO	2º T			
Realizar uns decálogos sobre condicións que deben cumprir, películas, libros e xogos e xoguetes para consideralos non sexista, para que sirva de guía de compras para o centro.	EQUIPO DIRECTIVO, BIBLIOTECA, EDLG, DPTO. ORIENTACIÓN	TODO CURSO			
Campaña antes do Nadal de XOGUETES NON SEXISTAS. Aproveitando campañas institucionais.	EQUIPO DIRECTIVO, BIBLIOTECA, EDLG, DPTO. ORIENTACIÓN	1º T			
Selección de xogos non sexistas para recomendar ás familias e agasallos de Papá Noel (agasallos da anpa).	EQUIPO DIRECTIVO, BIBLIOTECA, EDLG, DPTO. ORIENTACIÓN	1º T			
Recomendacións de libros polo Nadal, feito polo equipo de biblioteca sobre temas de igualdade	EQUIPO DIRECTIVO, BIBLIOTECA, EDLG, DPTO. ORIENTACIÓN	1º T			
Participar na actividade de “maletas viaxeiras” de Igualdade, tanto a través de bibliotecas escolares, como do centro de formación e recursos de Pontevedra.	EQUIPO DIRECTIVO, BIBLIOTECA, EDLG, DPTO. ORIENTACIÓN	2º T			
Creación dunha maleta viaxeira propia de recursos pola igualdade.	EQUIPO DIRECTIVO, BIBLIOTECA, EDLG, DPTO. ORIENTACIÓN	2º T			

Conmemorar o día da Paz escolar a través do estudo do persoeiro dunha muller que traballara por unha cultura de paz.	TODO O PROFESORADO	2º T			
Conmemorar o día da ciencia a través do estudo dunha científica recoñecida.	TODO O PROFESORADO	3º T			
Creación dun apartado permanente dentro da biblioteca, como recuncho de igualdade. Creando sección de catalogación propia.	BIBLIOTECA, EDLG, DPTO. ORIENTACIÓN	Todo o curso			
Seleccionar textos coeducativos para Clube de Lectura	Equipo Biblioteca	2º T			
Participar programa "NAMORANDO" do Concello de Pontevedra para 4º de E.P	Dpto. Orientación Titoría de 4º EP	3º T			
Participar no programa "Ciberexperto", para 6º de E.P.	Dpto. Orientación Titoría de 6º EP	2º T			
Adquirir libros, xogos, películas e recursos varios que cumpran os decálogos de igualdade	Equipo Directivo	Todo o curso			
Promover no noso alumnado a adquisición de valores encamiñados a igualdade real entre mulleres e homes.	Titorías	Todo o curso			